

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro de 2024), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 20.02.2025, este tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Aprobar as cualificacións provisionais da terceira proba da fase de oposición (proba de avaliación do coñecemento da lingua galega), e publicar xunto con esta resolución:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega coas cualificacións provisionais acadadas no mesmo, por orde alfabética.

As persoas aspirantes que realizaron esta proba poden presentar alegacións as cualificacións provisionais, no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da Agasp.

Consonte a base xeral reguladora 3.8 da convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Segundo. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto co anexo para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, asinado dixitalmente.

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

